

I. DISPOSICIÓN XERAIS

PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA



LEI 1/2012, do 29 de febreiro, de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Exposición de motivos

Esta lei ten como obxectivo pór á disposición da Administración autonómica, así como das entidades ás que lles sexa aplicable, unha serie de instrumentos que permitan acadar unha maior eficiencia nos recursos públicos e obter unha maior produtividade dos recursos humanos.

A grave situación orzamentaria e a necesidade de reducir o déficit público, para acadar unha situación de equilibrio sen menoscabar a prestación dos servizos públicos esenciais, e preservando o principio de solidariedade entre a cidadanía da Comunidade Autónoma de Galicia, fan necesario adoptar unha serie de medidas extraordinarias, urxentes e de carácter temporal en materia de contención de gastos no capítulo I dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Os rápidos cambios na situación económica internacional, española e galega, que provocan fortes variacións nas previsións de crecemento económico e que inflúen de maneira determinante na previsión de financiamento da Comunidade Autónoma, obrigan a actuar con celeridade por parte da Xunta de Galicia para adoptar de xeito inmediato medidas que garantan o principio de estabilidade orzamentaria e que, ademais, permitan manter a prestación dos servizos públicos esenciais, sen prexudicar as políticas sociais, educativas e sanitarias, e continuar coas medidas de estímulo ao crecemento.

A imposibilidade de aprobar estas medidas por medio do decreto lei, xa que o ordenamento xurídico da Comunidade Autónoma de Galicia non ten prevista a devandita norma, fai necesario a aprobación con carácter urxente desta lei.

Estas medidas implican nalgúns casos a necesidade de suspender a aplicación de normas de carácter legal ou convencional, ademais de introducir algúns preceptos novos. O fundamento da suspensión da aplicación de determinados preceptos contidos no V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia atópase no artigo 38.10 do Estatuto básico do emprego público, que permite revisar as condicións de traballo do

persoal funcionario e laboral cando concorren causas graves de interese público derivadas dunha alteración substancial das circunstancias económicas.

O carácter desta lei é temporal, polo que a súa vixencia queda supeditada á subsistencia das difíciles circunstancias económicas que afectan a sustentabilidade das contas públicas.

Esta lei estrutúrase en oito artigos, dúas disposicións adicionais, unha disposición transitoria e unha disposición derradeira, co seguinte contido:

En primeiro lugar, esta lei afonda no concepto de solidariedade e, polo tanto, abrangue a totalidade dos empregados e das empregadas públicos, resultando aplicable tanto ao persoal funcionario e estatutario coma ao persoal laboral, incluídos os que presten servizos nos entes instrumentais e órganos estatutarios da Comunidade Autónoma de Galicia.

En segundo lugar, e coa finalidade de contribuír á diminución do gasto público e á redución do absentismo laboral, suspéndese, en determinados supostos, o complemento ás prestacións da Seguridade Social en situacións de incapacidade temporal e mais toda convocatoria, concesión ou aboamento de axudas en concepto de acción social, incluíndose o mandato básico que se estableceu no Real decreto lei 20/2011, do 30 de decembro, de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

En terceiro lugar, modifícase o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, no que se introducen as seguintes medidas:

– Establécense o procedemento e os requisitos para conceder ou denegar a prolongación da permanencia no servizo activo, valorando as aptitudes do empregado público que a solicita e ponderando razóns organizativas.

– Respecto dos días de libre disposición, equipárase o seu número ao que dispón a normativa básica estatal.

– Por último, suspéndese o aboamento do incremento do complemento de destino aos ex altos cargos.

En cuarto lugar, prevese a posibilidade de solicitar voluntariamente a redución da xornada dos funcionarios de carreira e dos laborais fixos e mais facúltase o Consello da Xunta

para poder reducir a xornada do persoal temporal, co obxecto de manter o nivel de emprego na nosa comunidade e sempre que non sexan afectadas a calidade e a prestación dos servizos públicos.

En liña co establecido para o conxunto do sector público estatal polo artigo 4 do citado Real decreto lei 20/2011, a xornada ordinaria de traballo de todos os empregados e as empregadas da Xunta de Galicia deberá ter unha media semanal non inferior ás trinta e sete horas e trinta minutos. Por tal motivo, ao non ser admisible nestes momentos o mantemento de excepcións derivadas da aplicación do réxime xurídico laboral, faise preciso suspender a vixencia de determinados artigos do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, que amparaban, ata o de agora, a realización dunha xornada significativamente inferior á sinalada.

Finalmente, a lei autoriza o Consello da Xunta para que, logo de ter en conta criterios obxectivos, poida acordar a adecuación do réxime económico aplicable aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.

Por todo o exposto o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, promulgo en nome de El-Rei a Lei de medidas temporais en determinadas materias do emprego público da Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Esta lei aplícaselle a todo o persoal ao servizo das seguintes administracións públicas e entidades:

- a) Os órganos estatutarios de Galicia, sen prexuízo do disposto no artigo 12.2 do Estatuto de autonomía de Galicia para o Parlamento.
- b) A Administración da Comunidade Autónoma e dos seus organismos autónomos.
- c) As entidades públicas de consulta ou asesoramento autonómicas.
- d) As axencias públicas autonómicas.
- e) As entidades públicas empresariais ás que fai referencia o artigo 89 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

f) Os consorcios autonómicos aos que se refire o artigo 95 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

g) As sociedades mercantís públicas autonómicas ás que se refire o artigo 102 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector autonómico de Galicia.

h) As fundacións públicas sanitarias e as demais fundacións do sector público da Comunidade Autónoma ás que se refire o artigo 113 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Artigo 2. *Incapacidade temporal.*

Un. As administracións e as entidades incluídas dentro do ámbito de aplicación desta lei aplicarán, ademais do previsto na Lei da Seguridade Social, as seguintes regras para proceder ao aboamento do complemento por incapacidade temporal para o persoal ao seu servizo:

1. Aboarase un complemento ata alcanzar o 100% das retribucións dende a data de inicio da situación de incapacidade temporal por continxencias profesionais e polas continxencias comúns que xeren:

- Hospitalización.
- Intervención cirúrxica.

2. Nos casos de incapacidade temporal por enfermidade común ou accidente non laboral o complemento calcularase de conformidade coas seguintes regras:

a) Dende o primeiro día da situación de incapacidade temporal ata o terceiro día inclusive aboarase un complemento ata acadar o 50% das retribucións cando sexa a primeira baixa no ano natural, e un complemento ata acadar o 40% na segunda baixa. Para baixas posteriores non se aboará o devandito complemento.

b) Dende o cuarto día da situación de incapacidade temporal ata o vixésimo día inclusive aboarase un complemento ata acadar o 75% das retribucións.

c) A partir do día vinte e un aboarase un complemento ata acadar o 100% das retribucións.

3. Os empregados e as empregadas públicas percibirán un complemento á prestación económica para que perciban o 100% da súa retribución nas situacións de:

- Maternidade.
- Risco por embarazo.
- Risco durante a lactancia natural.
- Paternidade.

Dous. O disposto neste artigo aplicarase ás situacións que se produzan a partir da data de entrada en vigor desta lei.

Artigo 3. *Acción social.*

1. Suspéndese para todo o persoal incluído no ámbito de aplicación desta lei a convocatoria, a concesión ou o aboamento de calquera axuda derivada do concepto de acción social, así como calquera outra que teña a mesma natureza ou finalidade, agás a axuda por persoa con discapacidade, que non poderá ser superior á contía de 180 euros mensuais por cada persoa, namentres estea en vigor esta lei.

2. En todo caso, durante a vixencia desta lei, as administracións e as entidades incluídas dentro do seu ámbito de aplicación non poderán realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguros colectivos que inclúan a cobertura da continxencia de xubilación.

Artigo 4. *Modificación do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo.*

1. O texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, queda modificado como segue:

Un. Modifícase a alínea 1 do artigo 49 do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, que queda redactada como segue:

«A xubilación forzosa do persoal funcionario declárase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida.

Malia o anterior, o persoal funcionario pode solicitar, cunha antelación mínima de tres meses e máxima de catro meses á data na que cumpra a idade de xubilación forzosa, a prolongación da permanencia na situación de servizo activo, ata o cumprimento da idade máxima legalmente establecida, que se concederá, de ser o caso, por períodos dun ano renovables anualmente por solicitude da persoa interesada presentada cun prazo de antelación mínima de tres meses á data de finalización da prolongación concedida e, de non presentar solicitude, declárase de oficio a xubilación forzosa.

A aceptación ou a denegación destas solicitudes resolverase de forma motivada sobre a base dalgúns dos seguintes criterios:

- a) Razóns organizativas derivadas da planificación do emprego público.
- b) Resultados da avaliación do desempeño da persoa solicitante.
- c) Capacidade psicofísica da persoa solicitante, acreditada mediante resolución, ditame ou informe médico.

Así mesmo, o órgano competente en materia de persoal da consellaría, o organismo ou a entidade en que preste servizos a persoa funcionaria emitirá informe motivado relativo á concesión ou denegación da prolongación da permanencia no servizo activo.

Facúltase a conselleira ou o conselleiro competente para ditar, de ser o caso, as normas complementarias de procedemento.

O persoal funcionario docente non universitario pode optar por se xubilar á finalización do curso académico no que cumpra a idade legalmente establecida. A mesma regra aplícase nos supostos de prolongación da permanencia na situación de servizo activo.

En todo caso, terase en conta o plan de ordenación de recursos humanos respecto daquel persoal no que a súa normativa específica así o estableza.

Da prolongación da permanencia en servizo activo queda exceptuado o persoal funcionario daqueles corpos e escalas que teñan normas específicas de xubilación de acordo co disposto na normativa básica estatal».

Dous. A alínea 3 do artigo 76 do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, queda redactada como segue:

«Poderase dispoñer dos días ao ano que estableza a lexislación básica do Estado, como máximo, de permiso para asuntos persoais sen xustificación, atendendo sempre ás necesidades do servizo».

Tres. Complemento de destino dos ex altos cargos.

Suspéndese o dereito á percepción do complemento que se establece na disposición adicional décimo sétima do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, de incremento do complemento de destino na cantidade necesaria para igualalo ao valor do complemento de destino ou ao concepto equivalente que a Lei de orzamentos xerais do Estado fixe para as directoras e os directores xerais.

2. O previsto neste artigo sobre os días de libre disposición e o incremento do complemento de destino dos ex altos cargos élle aplicable a todo o persoal ao que fai referencia o artigo 1 desta lei.

3. O previsto neste artigo sobre a prolongación da permanencia no servizo activo élle aplicable a todo o persoal ao que fai referencia o artigo 1 desta lei, agás ao persoal laboral segundo o que establecen as súas normas específicas.

Artigo 5. *Xornada laboral.*

1. A partir da entrada en vigor desta lei, e para o conxunto de todo o persoal comprendido no seu artigo 1, a xornada ordinaria de traballo terá unha media semanal non inferior ás trinta e sete horas e trinta minutos.

Esta media semanal entenderase sen prexuízo das xornadas especiais existentes, que se adaptarán á xornada ordinaria coas correspondentes modificacións.

2. O persoal funcionario de carreira, o persoal estatutario e o persoal laboral fixo poderá voluntariamente solicitar a redución da súa xornada diaria, coa correspondente redución proporcional de retribucións, co límite máximo dun terzo da xornada efectiva, tendo en conta sempre as necesidades do servizo. A concesión da devandita redución, no caso de se autorizar, corresponderalle ao órgano que desempeñe, de ser o caso, as competencias en materia de persoal.

3. Habilitase o Consello da Xunta para acordar a redución da xornada coa correspondente redución retributiva do persoal interino ou temporal comprendido no artigo 1 desta lei, cun tope máximo dun terzo de xornada efectiva, tendo en conta sempre as necesidades do servizo. O acordo determinará motivadamente o persoal afectado e a duración da medida, que non poderá ser superior a cinco anos.

Artigo 6. Suspensión da aplicación de determinados artigos do convenio colectivo.

Un. Suspéndese a aplicación do artigo 19, agás a alínea 1, do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Dous. Suspéndese a aplicación do artigo 29, Dereito a comedor, do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia, agás para o persoal laboral de educación e o dereito do persoal que traballe en quenda de noite a recibir bebidas frías e quentes recoñecido no inciso final do primeiro parágrafo.

Tres. Suspéndese a aplicación do artigo 34.2 do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Catro. Suspéndese a aplicación da disposición adicional terceira do V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Artigo 7. Provisión de postos de traballo e mobilidade.

1. Os postos, tanto de persoal funcionario coma laboral, que están afectados polo establecido na disposición transitoria décimo cuarta do texto refundido da Lei da función pública de Galicia, aprobado polo Decreto legislativo 1/2008, do 13 de marzo, e pola disposición transitoria décima do V Convenio colectivo da Xunta de Galicia non serán ofertados en ningún proceso de provisión de postos de traballo, namentres non se resolva o proceso selectivo extraordinario de consolidación para o ingreso na correspondente escala ou categoría.

2. O disposto neste artigo seralles aplicable aos concursos de traslados convocados e non resoltos ao tempo de entrada en vigor desta lei. Facúltase a administración para adaptar as convocatorias ao previsto neste artigo mediante orde do órgano competente.

Artigo 8. *Réxime económico aplicable aos órganos de goberno ou dirección e ao persoal directivo das entidades do sector público autonómico.*

Autorízase o Consello da Xunta de Galicia para adecuar, conforme criterios obxectivos, os conceptos retributivos e as percepcións económicas de calquera natureza que resultan aplicables a:

a) Os órganos unipersoais de goberno e os membros dos consellos reitores das entidades reguladas no artigo 45 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

b) Os órganos unipersoais de goberno ou dirección e os membros dos consellos de administración ou os órganos equivalentes das entidades que integran o sector público autonómico de Galicia.

c) O persoal directivo das entidades ás que se fai referencia nas alíneas a) e b) anteriores.

Disposición adicional primeira.

1. Facúltase o Consello da Xunta de Galicia para aprobar todas aquelas normas e adoptar todas as medidas necesarias para a aplicación desta lei.

2. Facúltanse todos aqueles órganos administrativos que teñan competencia en materia de persoal para ditar aquelas disposicións necesarias para a adaptación e a aplicación desta lei.

Disposición adicional segunda. *Destino dos aforros derivados da aplicación desta lei.*

Autorízase a Consellería de Facenda para que efectúe as retencións de créditos oportunas nas partidas orzamentarias nas que se reduce o gasto correspondente derivado da aplicación desta lei, para a súa posterior baixa en contabilidade.

Disposición transitoria única.

Un. O persoal funcionario que cumpra a idade de xubilación forzosa nun prazo inferior a catro meses dende a data de entrada en vigor desta lei disporá dun prazo dun mes, que se contará dende o día seguinte á entrada en vigor desta lei, para solicitar a prolongación

da súa permanencia na situación de servizo activo. Se no prazo indicado o funcionario non manifesta a súa vontade de permanecer en servizo activo mediante a presentación da correspondente solicitude, procederáse á súa xubilación forzosa na data de cumprimento da citada idade.

Dous. O persoal funcionario que na data de entrada en vigor desta lei tivese cumpridos os sesenta e cinco anos de idade e permaneza en situación de activo deberá adecuarse ao novo sistema de prórrogas anuais establecido nesta lei mediante presentación de solicitude para a súa permanencia no servizo activo cunha antelación mínima dun mes e máxima de tres meses á data na que cumpra o seguinte ano de idade por primeira vez tras a entrada en vigor desta lei.

Se neste prazo non manifesta a súa vontade de permanecer en servizo activo mediante a presentación da correspondente solicitude procederáse á súa xubilación forzosa con efectos da data de cumprimento de anos. No caso contrario a administración resolverá expresamente o que proceda.

Disposición derradeira única.

Esta lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Suspéndense, entre tanto estea en vigor esta lei, todas aquelas normas legais ou de carácter regulamentario, convenios ou acordos que contradigan o disposto nela.

As medidas previstas nesta lei serán revisadas nun prazo de dous anos dende a súa entrada en vigor, en función da evolución do produto interior bruto real de Galicia e do aforro primario dos orzamentos.

Santiago de Compostela, vinte e nove de febreiro de dous mil doce.

Alberto Núñez Feijóo
Presidente